

## **CONCELLO PLENO**

### **ACTA DE SESIÓN**

**ORGANO:** CONCELLO PLENO

**ACTA NUMERO:** 2017/05

**CARÁCTER:** ORDINARIA

**CONVOCATORIA:** Primeira.

**DATA:** 21 de setembro de 2017

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e trinta e oito minutos do día **21 de setembro de 2017** réunese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter **ORDINARIO** baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

#### **Por Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas**

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde)

D.Ana María Martínez Fernández.

Dona María Luz Alvarez Lastra

D. Vicente Castro Reigosa

D.Xosé Farruco Graña Rama

Dona María Sonia Meilán Vizoso

D.David Rivas Peña

Dona María da Paz Ermida Igrexas

D.Jorge Díaz Freije

Dona Vanesa Yanes Rivas

#### **Por Partido Popular**

D.Jesús López Penabad

Dona María Rosina Tosar López

D.José Juan Estevez Fernández

D. José María García Suárez

#### **Por Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE**

Dona Aurora González Ginzo

Dona Cristina Losas Soria

#### **Por Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía**

Dona Marta María Saiz García

#### **Secretario Xeral:**

D.José A. Carro Asorey

#### **Interventor:**

D.Luis R.Vázquez Parga

#### **Técnico de Admón.Xeral.**

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

### **1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR ORDINARIA DE DATA 13 DE XULLO DE 2017.**

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador da acta correspondente á sesión epigrafiada nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros en votación ordinaria, acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

### **2.- EXPEDIENTE Nº 2715/2017 RELATIVO Á RECUSACIÓN DE D. FERNANDO SUÁREZ BARCIA COMO ALCALDE-PRESIDENTE, INSTADA POR D. IGNACIO SAMPER CIMORRA NO PROCEDEMENTO QUE SE INDICA.**

O Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia auséntase e pasa a presidir a sesión a Primeira Tenente Alcalde Dona Ana María Martínez Fernández.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

*“Por parte da Sra. Martínez Fernández dase lectura ao Informe-Proposta de Secretaría que se transcribe:*

#### **“INFORME-PROPOSTA DE SECRETARÍA.-**

*Visto expediente promovido por D. Ignacio Samper Cimorra relativo a recusación del Sr. Alcalde-Presidente D. Fernando Suárez Barcia en el procedimiento administrativo que se tramita en este Ayuntamiento de Adecuación de fincas en calle Ibañez, 27-29 (Proyecto modificado), núm. de expediente 2013/294, hoy nº 2519/2017.*

*Visto escrito formulado por el Sr. Alcalde-Presidente en el que se señala expresamente:*

**“PRIMEIRA.-** Ratíficome integramente na miñas manifestacións respecto da falsidade das acusacións da querela presentada recollidas no meu primeiro escrito, e aproveito para deixar clara constancia da non intervención pola miña parte no expediente de primeira utilización no que no seu día me abstiven.

**SEGUNDA.-** No que atinxe á nova solicitude de recusación formulada neste expediente, manifestar, por unha banda, e por suposto, a miña firme decisión de abstención dende o mesmo momento en que tiveron noticia do primeiro escrito de Señor Samper.

*Agora ben, por outra banda, non quero deixar de manifestar a evidente **obstinación** do mencionado señor en contra da miña persoa, que lle leva, unha vez máis, a realizar falsas afirmacións e acusacións totalmente infundadas: en modo algún é certo que teña intervido neste expediente, nin en ningún outro relativo a Don Ignacio Samper e a súa dona, a Señora Erice Calvo-Sotelo. A resolución á que fai referencia no seu escrito de 9 de agosto de 2017 non foi adoptada por min, senón pola Primeira Tenente de Alcalde Dona Ana María Martínez*

Fernández.

**TERCEIRA.** - Respecto á nulidade da resolución adoptada, e sen entrar en xeito algún a decidir sobre a mesma, tan só apuntar que, por todo o exposto resulta evidente que a mesma non procede en base a miña intervención persoal na mesma, toda vez que, como queda acreditado, non se produciu.

Polo exposto, e evacuando o traslado, **veño absterme no procedemento relativo a adecuación de fincas na Rúa Ibañez, 27-29** solicitada por D. Ignacio Samper Cimorra, nº exp. 2013/294 (hoxe 2159/2017), de acordo co previsto no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.”

Visto lo dispuesto en los artículos 23 y 24 de la vigente Lei 40/2015, de 1 de octubre de Régimen Jurídico del Sector Público y artículos 180 y ss. del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre,

Esta Secretaría emite el siguiente **INFORME PROPUESTA:**

1º.- Conforme a la legislación citada deberá estimarse la abstención formulada por el Sr. Alcalde-Presidente D. Fernando Suárez Barcia en el expediente administrativo de referencia, debiendo adoptarse acuerdo municipal por parte del Pleno de la Corporación, como órgano superior jerárquico, en este sentido por los motivos expuestos.

2º. Notificar a don Ignacio Samper Cimorra la resolución que se adopte a los efectos legales procedentes.

Es cuanto tiene a bien informar el Secretario que suscribe, no obstante el Pleno Corporativo como órgano resolutorio decidirá.”

A Comisión Informativa por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente o Informe-Proposta para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.”

**A Corporación, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinariaprsetar aprobación ao ditame sinalado nos seus propios termos.**

### **3.-EXPEDIENTE NÚM. 2866/2017 RELATIVO Á MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NUM. 17/2017.**

Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Visto o expediente incoado por esta Alcaldía para a aprobación da modificación de crédito número 17/2017 do Orzamento Xeral do exercicio 2017 e tendo en conta os seguintes antecedentes de feito:

- Que na providencia de Alcaldía de inicio de data 29/08/2017 xustificase o motivo da tramitación deste expediente mediante unha relación das aplicacións orzamentarias do Estado de Gastos que precisan aumentarse, que en concreto son as que forman parte do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 04/2017, tendo en conta que a necesidade de maior consignación nestas provén da obriga de recoñecer as obrigas de

exercicios anteriores que se inclúen en dito expediente e que se sinalan a continuación, que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, atendendo ao recollido no artigo 187 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e artigo 216.4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

TERCEIRO	CONCEPTO	IMPORTE
ASOCIACIÓN CORAL POLIFÓNICA DE RIBADEO V27023464	Factura 1/2017. Actuacións realizadas no exercicio 2016	3.000,00 €
ASOCIACIÓN CORAL POLIFÓNICA DE RIBADEO V27023464	Factura 2/2017. Actuacións realizadas no exercicio 2016	4.200,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>7.200,00 €</b>

- Que o importe total da proposta de modificación que formula a Alcaldía ascende á cantidade de sete mil douscentos euros (7.200,00 €), e finánciase co remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2016, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 23/03/2017.

Visto o informe de Intervención emitido o día 29/08/2017 e considerando os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os artigos 169, 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que regulan os expedientes de crédito extraordinario e suplemento de crédito, que se complementan nos artigos 35 a 38 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario e nas Bases de Execución do Orzamento.
- Artigo 32 e disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Substentabilidade Financeira, relativos ao posible destino do superávit orzamentario, que entre outros prevé a súa aplicación para atender as obrigas pendentes de aplicar a orzamento e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior.

De conformidade co exposto propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** - Aprobar con carácter inicial o expediente número 17/2017 de modificación do Orzamento Xeral de 2017 por importe de sete mil douscentos euros (7.200,00 €), na modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2016, segundo se detalla nas táboas que de seguido se reflicten:

**MODIFICACIÓN NÚMERO 17 DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2017 POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO.**

**APLICACIÓNS DE GASTOS AFECTADAS.**



APLICACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
334.22609	73.600,50	<b>7.200,00</b>	80.800,50
<b>TOTAL MODIFICACIÓN CRÉDITO 17/2017</b>			<b>7.200,00</b>

#### FINANCIAMENTO DO EXPEDIENTE

ESTADO DE INGRESOS			
CONCEPTO	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
87000	716.441,31	<b>7.200,00</b>	723.641,31
<b>TOTAL MODIFICACIÓN CRÉDITO 17/2017</b>			<b>7.200,00</b>

**SEGUNDO.** – Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado”

A Comisión Informativa por oito votos a favor (dos membros do BNG, PP e Ciudadanos) e unha abstención da PSG-PSOE acorda ditaminar favorablemente a Proposta para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.

A Corporación, por quince votos a favor (dos membros do BNG, PP e Ciudadanos) e dúas abstencións (dos membros do PSG-PSOE) acorda prestar aprobación ao ditame de referencia.

#### **4.- EXPEDIENTE NÚM. 2864/2017, RELATIVO AO REC N.º. 4/2017.**

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa

Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

## “PROPOSTA DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

En aplicación do disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario, que sinala que o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non fosen liquidadas naqueles aos que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación no caso de que non exista consignación Orzamentaria específica.

Tendo en conta que neste caso sería necesaria a existencia do seguinte volume de crédito nas Bolsas de Vinculación xurídica que se sinalan a continuación, do vixente Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2017:

Bolsa Vinculación	Denominación	C. Disponible 2017	Importe REC 04/2017
3.2	Producción de bens públicos de carácter preferente. Gastos en bens correntes e de servizos	60.043,74	7.200,00
<b>TOTAL REC 04/2017</b>			<b>7.200,00</b>

Considerando que se está a tramitar en paralelo a este expediente a modificación de crédito 17/2017, financiada con remanente de tesourería, para dar cobertura ao crédito preciso e non crear tensións no orzamento do exercicio

Visto e considerando o informe con reparos nº 134/2017 emitido polo Interventor Municipal de data 04/09/2017

Considerando que os gastos recollidos nas facturas e demais documentos acreditativos do gasto realizado que se conteñen no expediente corresponden a prestacións que foron efectivamente ordenadas e requiridas polo Concello de Ribadeo, foron executadas a satisfacción deste constando a correspondente conformidade e os seus importes se axustan ao pactado e/ou ao mercado, como se sinala no informe de cultura de data 01/09/2017 que figura no expediente.

Por todo o anterior, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.-** Resolver os reparos efectuados pola intervención no seu informe nº 134 de 04/09/2017

**Segundo.-** Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de **7.200,00 euros**, correspondentes aos gastos de exercicios anteriores que se indican a continuación e figuran os seus respectivos soportes materiais no presente expediente, aplicando con cargo ao Orzamento Xeral municipal para o exercicio 2017 os créditos recoñecidos, imputándoos ás partidas correspondentes, segundo o sinalado na relación de facturas REC 04/2017:

TERCEIRO	CONCEPTO	IMPORTE
ASOCIACIÓN CORAL POLIFÓNICA DE RIBADEO V27023464	Factura 1/2017. Actuacións realizadas no exercicio 2016	3.000,00 €
ASOCIACIÓN CORAL POLIFÓNICA DE RIBADEO V27023464	Factura 2/2017. Actuacións realizadas no exercicio 2016	4.200,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>7.200,00 €</b>

A Comisión Informativa por oito votos a favor (dos membros do BNG, PP e Ciudadanos) e unha abstención da PSG-PSOE acorda ditaminar favorablemente a Proposta para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.

**A Corporación, por quince votos a favor (dos membros do BNG,PP e Ciudadanos) e dúas abstencións (dos membros do PSG-PSOE) acorda prestar aprobación ao ditame de referencia.**

**5.-EXPEDIENTE Nº 142/2017 PARA DACIÓN DE CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE SEGUIMIENTO DO PLAN DE AXUSTE DO ARTIGO 10 DA O.M. DE 1 DE OUTUBRO DE 2012.**

Dase conta do asunto epigrafiado e previa exposición resumida polo Interventor Municipal a Corporación municipal dase por enterada.

**6.- EXPEDIENTE Nº 142/2017 PARA DACIÓN DE CONTA DO INFORME TRIMESTRAL SOBRE CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, 2T/2017.**

Dase conta do asunto epigrafiado e previa exposición resumida polo Interventor Municipal a Corporación municipal dase por enterada.

**7.-EXPEDIENTE Nº 142/2017 PARA DACION DE CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO. RD 635/2014 DE 25 DE XULLO. 2T/2017**

Dase conta do asunto epigrafiado e previa exposición resumida polo Interventor Municipal a Corporación municipal dase por enterada.

**8.-EXPEDIENTE N.º 2218/2017 RELATIVO Á APLICACIÓN DAS DISPOSICIÓNS PREVISTAS NA LEI 3/2017, DE 27 DE XUÑO DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA 2017.**

Dase conta por Secretaría do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

*“Pola Alcaldía dase conta da proposta que se transcribe, sinalándose que a mesma tamén foi sometida á Mesa de Negociación de funcionarios e persoal laboral da Entidade, segundo consta na acta estendida no expediente.*

**PROPOSTA DA ALCALDIA-PRESIDENCIA.-**

*Vista a Lei 3/2017, de 27 de xuño de Orzamentos Xerais do Estado para 2017 publicada no BOE num. 153 de 28/06/2017.*

*Visto que na mesma se sinala, respecto das retribucións de persoal para o ano 2017, que éstas non poderán experimentar un incremento global superior ao 1 % respecto das vixentes a 31 de decembro de 2016 nos termos de homoxeneidade que se sinalan.*

*Esta Alcaldía, PROPON:*

*Un incremento das retribucións para o persoal funcionario e laboral desta Entidade do un por cento respecto das de decembro de 2016 nos termos sinalados na referida lei e con efectos de 1 de xaneiro de 2017.*

*A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros acorda prestar aprobación á Proposta de referencia nos propios termos da mesma.”*

**A Corporación, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria corda prestar aprobación ao ditame sinalado nos seus propios termos.**

**9.- EXPTE. N.º 1580/2017 RELATIVO Á CONTA XERAL DO EXERCICIO 2016.**

Por Secretaría dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Vista a Conta Xeral do exercicio 2016 do Concello de Ribadeo, xunto con toda a documentación anexa a esta, elaborada segundo o disposto nos artigos 208 a 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, así como así como nas Regras 44 e seguintes da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a



Instrución do modelo normal de contabilidade local, que consta da seguinte documentación:

- Balance
- Conta do resultado económico-patrimonial
- Estado de cambios no patrimonio neto
- Estado de fluxos de efectivo
- Estado de Liquidación do Orzamento
- Memoria
- Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas ao fin de exercicio.
- Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nestas a favor da entidade local, referidos ao fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria e o correspondente estado de conciliación para o caso de diferenzas entre os datos contables e saldos.

Visto que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de 10/07/2017, e foi exposta ao público para que puidesen presentarse reclamacións, reparos ou observacións durante o prazo marcado no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sen que se presentase ningunha, segundo consta no certificado de Secretaría emitido con data 29/08/2017.

Tendo en conta que a Regra 49.4 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local sinala o seguinte:

*“A Aprobación da Conta Xeral é un acto esencial para a fiscalización desta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas”.*

Visto o informe de Intervención emitido sobre a devandita Conta Xeral de data 12/06/2017, e o Ditame da Comisión Especial de Contas emitido con data 10/07/2017, de conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2016 do Concello de Ribadeo.

**SEGUNDO.** Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, así como ao Consello de Contas de Galicia segundo o disposto no artigo 25.2 da Lei 6/1985, de 24 de xuño, que regula este organismo.”

A Corporación municipal, en votación ordinaria, por quince votos a favor (dez dos membros presentes do Grupo Nacionalista, catro dos membros presentes do Grupo Popular e un do Grupo Mixto) así como dúas abstencións dos membros do Grupo Socialista, acorda prestar aprobación á proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

**10.-EXPTE. Nº 831/2017 DE MODIFICACIÓN POR CORRECCIÓN DE ERROS DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA RESIDENCIA MUNICIPAL HOSPITAL ASILO DE SAN SEBASTIÁN E SAN LÁZARO.**

Dase lectura polo Secretario ao ditame da Comisión Informativa seguinte:

*“Por Secretaría dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:*

**PROPOSTA DE ALCALDÍA**

*Visto o erro detectado na modificación do Regulamento de Réxime Interior da residencia municipal Hospital-Asilo San Sebastián e San Lázaro, que figura no expediente.*

*Visto o informe emitido polo traballador social municipal en data 18/07/2017*

*Visto o informe emitido por Secretaría obrante no expediente.*

*Despois de examinar o expediente tramitado, enténdese que procede realizar unha nova redacción do texto de acordo co exposto.*

*Esta Alcaldía eleva á consideración do Concello Pleno a seguinte proposta:*

***Primeiro.*** – *Aprobar con carácter provisional a inclusión no ANEXO III, que regula a PRAZA DE EMERXENCIA-RESPIRO, os parágrafos resaltados en negriña e que quedará do seguinte xeito:*

**ANEXO III**

**PRAZA DE EMERXENCIA-RESPIRO TEMPORAL.**

***A Praza de Emerxencia-Respiro Temporal terá unha duración máxima de 30 días e poderase prorrogar, unicamente en circunstancias excepcionais, por outros 30 días.***

***A estadia no centro será incompatible coa solicitude dunha praza residencial permanente, mentres permaneza ocupando a praza de respiro e, por suposto, EN NINGÚN CASO o acceso a esta praza se poderá converter nunha praza permanente. Posto que, de ser así, estaríanse vulnerando os dereitos dos outros solicitantes que se atopen en lista de agarda.***

*Beneficiarios.*

*Poden acceder a este servizo as persoas maiores de 65 anos que se atopen nalgunha das seguintes situacións:*

*a) Que a persoa coidadora non lle poida prestar ó ancián a atención idónea por causa*

*dunha enfermidade, un accidente o una intervención cirúrxica.*

*b) Que a persoa beneficiaria viva soa e precise dun período de convalecencia despois dunha enfermidade, un accidente ou unha intervención cirúrxica.*

*c) Necesidade dun período de descanso da persoa coidadora para evitar unha situación de esgotamento físico ou psíquico.*

**Requisitos:**

▣ *Ser maior de 65 anos.*

▣ *Ter residencia efectiva no Concello de Ribadeo e estar empadroado aquí desde fai máis de 2 anos.*

▣ *Non estar afectado por enfermidade en estado agudo nin se atopen en fase terminal.*

▣ *Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa activa, trastornos mentais ou de conduta graves e non compensados que poidan alterar a convivencia.*

▣ *Efectuar a oportuna solicitude e o pagamento do prezo estipulado nas condicións que se lle indiquen.*

**Prezo da praza:**

*Establécese un prezo mensual de 1.100 €/mes, (36,66 €/día)*

**Prazo e lugar de presentación das solicitudes:**

*As solicitudes presentaranse no rexistro de entrada do Concello cun mes de antelación á data para a que se solicita a quenda, agás situacións de emerxencia sobrevidas (enfermidade, accidente do coidador ou similares) e debidamente xustificadas.*

**Documentación:**

▣ *Copia compulsada do DNI/NIE do solicitante ou calquera outro documento acreditativo da súa identidade, de conformidade coa normativa vixente.*

▣ *Última declaración do imposto da renda das persoas físicas, certificado de toda a clase de pensións percibidas ou declaración xurada de non percibilas.*

▣ *Informe médico relativo ao solicitante segundo o modelo que o SERGAS establece no IANUS.*

▣ *Informe social, relativo ó solicitante e ós motivos que dan lugar a solicitude deste servizo.*

**Acceso á praza:**

*A comisión de ingresos da residencia á vista da documentación presentada ou requirida e da dispoñibilidade de praza, resolverá as solicitudes e notificará a resolución ás persoas interesadas, indicándolle ás que resulten beneficiarias que deben confirmar se continúan interesadas na súa ocupación, xunto coa dirección e teléfono do centro para que confirmen cal é a roupa que teñen que levar, a medicación habitual, os accesorios, o xeito de formalizar o pagamento etc.*

**Segundo.-** *Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados*

*poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a devandita publicación.*

*Rematado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.*

*Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza ou regulamento publicaranse no boletín oficial da provincia, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación*

**Terceiro.-** *en tanto non entre en vigor esta modificación, será a COMISIÓN DE INGRESOS, o órgano que decidirá o prazo máximo de estancia ocupando a praza de emerxencia, loxicamente, tendo en conta que o máximo será un mes , prorrogable por outro.*

*A Comisión Informativa por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente a Proposta de referencia para adopción do acordo correspondente polo Pleno Municipal.”*

**A Corporación, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros acorda prestar aprobación ao ditame sinalado nos seus propios termos.**

## **11.- FESTIVOS LOCAIS PARA 2018.(EXPEDIENTE NÚM. 3055/2017)**

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa do pasado día 18 de setembro de 2017 que se transcribe:

### **“DECLARACION DE URXENCIA.-**

Por Secretaría dase conta da proposta que se formula en relación cos días festivos locais para o ano 2018 que foi requirida pola Consellería de Economía e Emprego en escrito que tivo entrada no Concello con posterioridade á data da convocatoria das Comisións, requiríndose que se comunique antes do 15 de outubro de 2017, polo que quere someter ao Pleno municipal na próxima sesión.

### **PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Examinada a comunicación da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria interesando antes do día 15 de outubro de 2017 a notificación coas datas dos **DOUS días festivos locais** que se sinalen polo Concello para o ano 2018,

Esta Alcaldía

**PROPÓN** ao Pleno Municipal a adopción de acordo seguinte:

Fixar como **festivos locais para o ano 2018** os días seguintes:

**16 de agosto de 2018** (xoves) festividade de San Roque (co-patrón de Ribadeo).

**8 de setembro de 2018** (sábado) festividade da Patrona de Ribadeo Santa María do Campo.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros, acorda declarar a urxencia do asunto.

Sometida a votación a Proposta da Alcaldía resulta aprobada por unanimidade dos membros da Comisión ditaminándose en consecuencia favorablemente para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal próximo.”

Sen promoverse deliberación, polo Pleno Municipal, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º.Prestar aprobación ao ditame de referencia nos propios termos do mesmo.

2º.Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

## **12.-EXPEDIENTE Nº. 3003/2017 RELATIVO Á PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA SOBRE MANTEMENTO DA AREA SANITARIA DE A MARIÑA.**

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

*“Pola Alcaldía dase conta da Proposta que se transcribe:*

### **“PROPOSTA DA ALCALDIA SOBRE O MANTEMENTO DA ÁREA SANITARIA DA MARIÑA**

*Facéndome eco dos acordos da Plataforma na Defensa da Sanidade Pública na Mariña presentase esta PROPOSTA para o seu debate em Pleno, demandando a retirada do Anteproxecto de lei polo que modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, o mantemento da Área Sanitaria da Mariña, a posta en valor do Hospital da Costa e a Atención Primaria e a constitución do Consello de Saúde.*

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Desde a integración da área sanitaria da Mariña na EOXI de Lugo, no ano 2010, o servizo asistencial no Hospital da Costa e nos Centros de Saúde da comarca viuse mermado e os problemas de funcionamento foron continuos. O feito de non contar con xerencia propia con capacidade de decisión, eliminou a capacidade de xestionar os recursos desde o plano máis achegado ás e aos doentes. Tamén a Atención Primaria sufriu as consecuencias, xa que a perda da xerencia supuxo a perda de autonomía e a subordinación ao centro hospitalario de*

referencia.

No mes de agosto, en período claramente vacacional, a Consellaría de Sanidade vén de presentar o Anteproxecto de Lei polo que modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Galicia. Presentación feita con nocturnidade e aleivosía, secretismo e sen consensuar; sen diálogo previo nin na mesa sectorial, nin cos colectivos sociais e con un prazo de presentación de alegacións que foi ampliado unha vez anunciado, vista a contestación social que estaba a ter o anteproxecto.

A modificación que se propón provocará aínda máis deterioro na sanidade pública xa que consolida a liña de recortes, prioriza o criterio económico en detrimento das necesidades dos usuarios e usuarias e afecta negativamente á calidade asistencial, centrando os servizos nas cidades.

No anteproxecto establece que a prestación de servizos sanitarios e a delimitación das áreas se fará "tendo en conta os recursos sanitarios existentes"; polo tanto deixan de priorizarse as necesidades sanitarias d@s galeg@s, e prestarase o servizo sanitario en función dos recursos cos que o Partido Populares decida dotar a sanidade pública.

Ademais, suprímense definitivamente a área sanitaria da Mariña, pasando toda a sanidade comarcal a ser un distrito da área do HULA, afastando deste xeito a resolución dos problemas da cidadanía e d@s traballadoras/es; e rematando así o intento de desmantelamento da área sanitaria iniciada no 2010 coa creación da EOXI de Lugo. Con esta modificación o hospital de Burela e a Atención Primaria pasan a ser meros apéndice do HULA que, ademais, absorberá a inmensa maioría dos recursos.

Tamén se lle aplican recortes á participación social: a composición tanto do Consello Galego de Saúde como dos Consellos de Saúde de Área deixan de estar recollida na Lei, e determinárase por decreto da Xunta. Retíraselle capacidade de control, emisión de informes e avaliación da execución política sanitaria, e só manteñen capacidade de asesoramento e consultivo. Incluso suprime a procura dunha composición paritaria dos mesmos.

O Partido Popular desde a Xunta pretende levar a cabo esta modificación da Lei de Sanidade de Galiza, sen aportar ningunha memoria económica ou de xestión que avalíe a creación da EOXI nin que explique o decreto de supresión das áreas.

Por iso, desde a Plataforma na Defensa da Sanidade Pública na Mariña opoñémonos a este anteproxecto que pretende a modificación da Lei 8/2008 de Saúde de Galicia por supor un paso atrás no desenvolvemento da asistencia sanitaria na nosa comarca, alonxando os recursos das persoas doentes e dificultando o acceso da poboación ao sistema sanitario público.

É por todo isto, polo que previa a deliberación e debate procedente interésase a adopción dos seguintes acordos:

#### **Demandar da Xunta de Galicia as seguintes medidas:**

- 1. Retirada do Anteproxecto de Lei polo que modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Galicia; mantendo a área sanitaria da Mariña, descentralizando as decisións e respectando as súas competencias e autonomía, desenvolvendo unha xerencia propia con todas as competencias e poñendo en valor o Hospital da Costa e dotándoo de medios materiais e humanos acordados co seu ámbito de actuación.**
- 2. Desenvolver e dotar de orzamento a actual Lei da Saúde e dotar de recursos económicos e técnicos a Atención Primaria, devolvéndolle a capacidade organizativa, de xestión e a recuperación de xerencia directa.**
- 3. Proceder á constitución e convocatoria inmediata do Consello de Saúde da Área Sanitaria da Mariña."**

Promovida deliberación por parte da representante do Grupo Popular Sra. Tosar López

*sinálase que se trata dun anteproxecto ao que se pode alegar, que vai existir unha sola Area pero con dous distritos o de Monforte e o de Burela e que a zona de A Mariña vai gañar con estas novas disposicións. Intervén tamén o Concelleiro Sr. García Suárez do PP sinalando que por exemplo o Servizo de Oncoloxía que antes era voluntario agora pasará a prestarse en Burela con carácter de obrigatorio .*

*Por parte de dona Aurora González Ginzo do PSG-PSOE maniféstase a súa conformidade á proposta.*

*O Sr.Alcalde mantén a proposta tal cual está redatada.*

*Rematada a deliberación, a Comisión Informativa por sete votos a favor (dos membros do BNG, PSG-PSOE e Ciudadanos, e dous en contra (dos membros do Grupo Popular), acorda ditaminar favorablemente a Proposta de referencia para adopción do acordo correspondente polo Pleno Municipal.”*

O Sr.Alcalde intervén e procede á realización dunhas explicacións respecto do contido da proposta.

Por parte do Grupo de Cidadáns mantese o voto da Comisión.

Por parte do Grupo Socialista a portavoz Sra. González Ginzo sinifica que se debe escoitar ás persoas que están mais cerca do servizo, aos profesionais e aos pacientes que son os que teñen os coñecementos do que está a facer a Xunta de Galicia. Refírese ao funcionamento do SERGAS en Ribadeo así como á queixa presentada non hai moito sobre o servizo de tarde do médico de cabeceira e tamén para cubrir as vacacións da praza de pediatra e remata dicindo que se hai algo que modificar que sexa consensuado cos cidadáns e mais cos profesionais.

Intervén o portavoz do Grupo do Partido Popular Sr. López Penabad e manifesta que o seu grupo se vai ausentar xa que non lles parece serio e o unico que pode dicir é que toda esta plataforma que aparece coas pancartas é a mesma que hai unhos anos dicía que se ía cerrar o Hospital da Costa.

Acto seguido sendo as 21 horas os catro concelleiros do Grupo municipal do Partido Poular auséntanse do Salón de sesións.

Intervén o Sr.Alcalde e manifesta que non lle parece de recibo a ausencia que o unico que fai esa plataforma e decir as verdades do que sucede e se non lles gusta é outra cousa. Refírese de seguido ao que tanto profesionais como responsables no Hospital lles estiveron dicindo e reitera os argumentos que se sinalan na proposta. Sinala igualmente que as obras de ampliacion que é certo que se están facendo so é unha ampliación de espazos.

Sinala tamén que dende o Concello se permitiu a licenza de encargar dúas pancartas e que logo empraza aos concelleiros para colgar unha delas do balcón municipal e a outra dará instrucións para que a colguen da ponte da vía do tren.

**Rematada a deliberación, a Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria, acorda:**

**1º.-Prestar aprobación á Proposta de referencia nos seus propios termos.**

**2.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos trámites, ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.**

**13.- CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL). DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DITADOS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA ENTRE O 1 DE XUÑO E O 31 DE XULLO DE 2017 (EXPEDIENTE Nº. 1796/2016). MOCIÓNS. ROGOS E PREGUNTAS.**

**A) MOCIÓN DO PSG-PSOE (EXPEDIENTE Nº 2387/2017) DE DATA 10/07/2017 PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA Á MELLORA E INCREMENTO ECONÓMICO DOS PLANS DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS.**

Por parte de Dona Aurora González Ginzo polo PSG-PSOE dase lectura á Moción que se transcribe:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Dende hai varios anos as axudas para a mellora de camiños de titularidade municipal artéllanse a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader).

Este organismo dependente da Xunta de Galicia, encargado do fomento e coordinación do territorio rural galego, ven realizando un reparto obxectivo destas axudas en función dunha serie de criterios consensuados coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp). Na aplicación dunha partida orzamentaria que procura como fin último a mellora das condicións de vida e traballo no medio rural a través da cohesión social e territorial, dende o Grupo Provincial Socialista atopamos varias incoherencias de alto impacto:

- O importe total das axudas a repartir: no 2017 tanto en Galicia como na provincia de Lugo atopámonos cun descenso do 61,71% con respecto ao 2016. No concello de Ribadeo, a redución das axudas é de 54.876,00,F (o 64,95 % menos que no 2016).

- Que estas axudas se tramiten a través de Agader, unha Axencia desprestixiada por parte do goberno do Partido Popular ano tras ano, e que ten que recorrer aos seus escasos fondos propios para atender este plan, indica claramente a importancia que he asigna a Xunta de Galicia ao noso medio rural.

Estes puntos aportan a claridade suficiente como para entender as prioridades no reparto de fondos que o goberno galego nos ten acostumados: evitar os criterios obxectivos e equitativos en prol dun reparto clientelar.

Tendo en conta que moitos dos concellos da provincia de Lugo soamente reciben para a mellora de infraestruturas esta axuda por parte da Xunta de Galicia, dende o Grupo Municipal Socialista consideramos que un plan creado para facilitar a accesibilidade e vertebración do territorio a través da mellora de camiños, debería contemplar as medidas económicas suficientes como para atender dun xeito coherente a situación actual do noso rural.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista, somete á consideración do Pleno da Corporación e aprobación se o considera, os seguintes

**ACORDOS**

1º) Instar á Xunta de Galicia para que incremente a contía das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais, asegurando a lo menos, e en cada anualidade (2017 e 2018), o mesmo importe das axudas concedidas no 2016.

2) Instar á Xunta de Galicia a que en vindeiras anualidades atenda a capacidade orzamentaria deste plan dun xeito prioritario.”

Intervén a concelleira Dona Marta María Saiz, do Grupo de Cidadáns e indica que non ten nada que engadir e que vai apoiar a moción.

Don Vicente Castro Reigosa, do Grupo de goberno fai mención á actuación anterior do PP e di que non ve correcto o levantarse cando algo non gusta. Explica que o seu grupo del goberno xa tivo que soportar situacións parecidas con pancartas pero que non fixeron o mesmo, que hai que escoitar o que lles digan e non irse.



Explica que cando hai que inaugurar cousas e dende a Xunta acuden ao acto e venden que foron eles os que fixeron as aportacións económicas, cando en verdade aportaron unha parte minoritaria. Indica que neste caso lles fixeron retiradas de fondo de apoio ao medio rural, que eles recortan pero que seguen vendendo que fan aportacións, das cales a súa contía en realidade é irrisoria e insignificante en comparación a outras aportacións que fan.

Sinala que as aportacións que fai a Deputación para o medio rural é moi superior ás que fai a Xunta, indica que van a apoiar a moción e que van a seguir solicitando máis fondos para vindeiros exercicios para estruturas e medio rural; ademáis explica que a aportación que fai a Xunta é para dous anos e que é inferior á que se facía antes para un ano só.

**A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes (trece dos dezasete que de dereito compoñen a mesma), en votación ordinaria, acorda:**

**1º.- Prestar aprobación á Moción de referencia nos seus propios termos.**

**2.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos trámites, ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.**

**B) MOCIÓN DO BNG (EXPEDIENTE Nº 2948 /2017) DE DATA 05/09/2017 SOBRE O PAZO DE MEIRÁS E A FUNDACIÓN FRANCISCO FRANCO.**

Dase conta da Moción que se transcribe:

#### **“MOCIÓN SOBRE O PAZO DE MEIRÁS E A FUNDACIÓN FRANCISCO FRANCO**

##### **Exposición de motivos**

O anuncio da decisión de que a Fundación Franco xesone as visitas ao Pazo de Meirás conlítue unha provocación, unha ofensa e falta de respecto tanto ás vítimas da Ditadura como a Galiza no seu conxunto, e un escandaloso exemplo da impunidad con que se move quen fai apoloxía do terrorismo fascista.

Resulta insultante e vergoñento que un espazo que é produto dun espolio sexa aínda propiedade da familia Franco. E resulta aínda máis indignante que a Fundación que leva o seu nome o utilice para contar unha versión absolutamente manipulada da historia e para facer apoloxía da Ditadura e do ditador.

Estes feitos supoñen a constatación —por se non estaba suficientemente claro- da permanencia do franquismo nun réxime que se di democrático. E son posíbeis pola incapacidade do sistema político español para acabar coa vergonza que supón que a familia Franco sexa aínda dona dunha propiedade que é produto dun roubo, que faga negocio con ela e que a convirta nun parque temático de exaltación dun réxime totalitario que exterminou a miles de homes e mulleres por motivos políticos. Sería admisíbel que en Alemaña ou en Italia existisen palacios e fundacións dedicados a exaltar a memoria de Hitler ou Mussolini?

Esta situación escandalosa e indignante é posíbel .pola complicidade e a permisividade das institucións do Estado e da Xunta de Galiza, que consinten, amparan e protexen a lila de impunidad e o parque temático franquista en que se convertiu o Pazo de Meirás.

Por outra parte, cómpre ter en conta que o espolio de Meirás contou coa participación activa e decisiva de Deputacións e Concellos galegos. Polo tanto, estas administracións teñen a responsabilidade e o deber de sumarse ás iniciativas que procuran poñer fin a esta situación.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno desta Corporación Municipal a adopción dos seguintes

**ACORDOS**

1. Declarar a familia do Ditador e a Fundación Franco non gratas no Concello de RIBADEO.
2. Adherirse á proposta aprobada polo Pleno da Corporación Municipal de Sada instando tamén á Xunta de Galiza para que sexa este Concello o encargado das visitas guiadas ao Pazo de Meirás, como garantía de que as persoas visitantes do BIC reciben unha información veraz sobre a historia deste espazo histórico.
3. Facer unha condena pública das declaracións da Fundación Franco nas que expresaba a súa intención de usar as visitas guiadas ao Pazo para facer apoloxía da Ditadura e do Ditador. Instar ao goberno do Estado a facer as modificacións legais precisas para a ¡legalización da Fundación Franco.
4. Adherirse e apoiar a iniciativa da "Xunta Pro da Devolución do Pazo de Meirás" da que forman parte como entidades promotoras a Deputación da Coruña, os Concellos de Sada e A Coruña, a Universidade da Coruña, a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña e a Iniciativa Galega pola Memoria.
5. Instar á Xunta de Galiza á elaboración dunha Lei galega de memoria histórica na que se prohiban, persigan e sancionen os actos de exaltación do franquismo e as entidades que os promovan.

Intervén o concelleiro do Grupo do BNG D. Xosé Farruco Graña Rama que explica o contido e sentido da moción, pasando a dar lectura da mesma.

A Concelleira do Grupo Mixto-Cidadans D<sup>a</sup> Marta María Sáiz García manifesta que non ten nada que engadir e que vai aprobar a moción.

Dona Aurora González Ginzo, do Grupo Socialista indica que tamén a van apoiar.

**A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes (trece dos dezasete que de dereito compoñen a mesma), en votación ordinaria, acorda:**

**1º.-Prestar aprobación á Moción de referencia nos seus propios termos.**

**2.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos trámites, ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.**

**DECRETOS DITADOS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA ENTRE O 1 DE XUÑO E O 31 DE XULLO DE 2017 (EXPEDIENTE Nº. 1796/2016).**

A Corporación dase por enterada da relación de Decretos ditados pola Alcaldía-Presidencia nas datas que se citan.

**ROGOS E PREGUNTAS.-**

Dona Marta María Sáiz García, Concelleira do Grupo Mixto-Cidadáns indica que non ten preguntas nin rogos que formular.

**DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA.-**

Intervén D<sup>a</sup> Aurora González Ginzo do Grupo municipal socialista e indica que tiveron no Pleno outro exemplo de que os cidadáns teñen algo que dicir e que non se pode permitir que os

representantes políticos abandonen o Pleno por non escoitar. Opina que se debería facer un regulamento que regulase o dereito da cidadanía a expresarse públicamente no Pleno cunha orde máis ou menos levadeira; di que estaría ben que esas persoas da plataforma en defensa da sanidade puidesen explicarlles ahí un resumo de como viven a situación, xa que moitos concelleiros que non teñen dedicación exclusiva non tiveron oportunidade de desprazarse á manifestación de Burela e oílos.

Manifesta que non cree que sexa malo para ninguén darlle voz aos veciños e as asociacións dentro do Pleno para que os poidan escoitar e atender as súas demandas.

O Sr. Alcalde sinala que as asociacións de veciños sí que teñen voz e que contan cun regulamento, aínda que máis modesto, pero que si que poden presentar preguntas ao pleno. Indica que hai meses que non as fan, pero que o regulamento segue vixente, pero que se pode mellorar.

Dona Aurora González di que segue latente o problema de Illa Pancha e explica que viu na televisión unhas declaracións do Sr. Alcalde onde indicaba que o concesionario xa solucionou todos os problemas que impedían a apertura, pero que non decía nada sobre o segundo informe do Defensor del Pueblo, no que se indica que falta un informe medioambiental de que o proxecto lle afecta á Rede Natura; pregunta cal é a opinión xurídica do secretario ou a que lle poida decir o Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde contéstalle que as súas declaracións públicas sobre este tema son absolutamente técnicas e non políticas, que están a falar dunha actuación regulada. Explica que o Defensor del Pueblo é un órgano consultivo que da opinións, pero que non está dentro dun organigrama administrativo e non pode paralizar nada. Explica que no caso de querer paralizalo debe ir á Fiscalía e instala a que o paralice.

Indica que intenta facer igual que en todos os expedientes, facelo dentro da legalidade, xa que está sometidos a unha actuación regulada. Explica que se se fan as cousas en contra da lei ou se se omiten obrigas legais se prevarica.

Di que están dentro da tramitación dese expediente e que nos próximos días se darán novos pasos.

Dona Aurora González manifesta que hai actuacións urxentes, como a reconstrución das beiraruas da Rúa San Roque ou o mantemento doutras rúas; explica que tamén hai suciedade e manchas negras de mofo noutras rúas.

O Sr. Alcalde indica que lle acepta o rogo.

A mesma concelleira no uso da palabra indica que tamén ve preciso o mantemento das rúas nas parroquias e a limpeza. Opina que cando se acheguen as eleccións se vai a facer ese mantemento, pero di que lle gustaría que se fixese máis a míudo.

Don Vicente Castro, concelleiro de infraestruturas, resposta que lle sorprende que diga iso, xa que anualmente se fai ese mantemento. Indica que cada ano van a ir mellorando as actuacións e aumentando a súa calidade, e que as actuacións deste ano aínda se van a facer en breves.

Dona Aurora González, respecto dos aparcamentos para minusválidos, di que saben que COGAMI pasou un informe ao Concello no 2008 e que nestes últimos meses se fixeron amaños e reparacións; opina que ao mellor tivo algo que ver que o seu grupo preguntase sobre as prazas de aparcamento no anterior Pleno.

Explica que segundo lle dixeron hai prazas que non cumpren os requisitos e que lle dixeron que enviaron informes ao concello dende a Asociación, que faltan prazas e que existen outras que non son adecuadas para persoas con pouca mobilidade.

Respecto á sinalización vertical, opina que a terminoloxía que usan está fora de lugar nesta época. Explica que hai persoas que se poden sentir ofendidas ao chamarlles discapacitados.

O Sr. Alcalde contéstalle que todo se pode mellorar, pero que lle sorprende que lle diga iso porque ese último proxecto de eliminación de barreiras que se rematou fai un par de meses se fixo seguindo as indicacións de COGAMI e que incluso os responsables da mesma revisaron antes da súa execución, manifestando estar de acordo.

Explica que o que si pode pasar é que existan locais privados nos que a día de hoxe aínda existan dificultades de acceso para persoas con mobilidade reducida, xa que son licencias que se outogaron fai anos. Indica que a día de hoxe os técnicos municipais miran que non existan obstáculos para estas persoas.

Respecto ás cuestións de beirarrúas, explica que todas as que se foron modernizando teñen eliminación de barreiras arquitectónicas, así como todas as actuacións que se estiveron a facer nos últimos anos. Aclara que ademáis, fixeron as actuacións nos sitios que foron indicados por COGAMI.

Di que as prazas que se modificaron foron porque non cumprían a normativa, pero que se tivo que facer para cumprir, e que todo iso se explicou a ambas partes.

Respecto da sinalización, indica que hai un pictograma universal, que é unha cadeira de rodas, e que é de común entendemento para todos, significando que só poden aparcar as persoas coa tarxeta que autorice para iso.

Dona Aurora González di que nas sinais verticais pon reservado para minusválidos.

O Sr. Alcalde contéstalle que son sinais que estaban de vello e que se irán cambiando pouco a pouco.

Dona Aurora González di que si que hai moitos locais privados que non cumpren a lei de accesibilidade e recoñece que dende o Concello si se fixeron actuacións importantes, pero opina que algunhas delas pode que non se fixesen correctamente.

A continuación indica que hai rúas que están completamente a escuras coas farolas apagadas, como por exemplo na Avda. de Asturias.

Don Vicente Castro di que o apagado é a partir das 12:30 da noite. Explica que o aforro enerxético o intentan facer a través de uso de luces led e indica que estamos no estado de maior contaminación lumínica de Europa. Explica que hai xente que vive fora que dí que noutros países están case a escuras. Opina que debe haber mais iluminacións nos pasos de peóns e no resto ter iluminación suficiente para circular, non que haxa unha iluminación moi intensa, xa que incluso pode ser mala para a saúde. Indica que hai xente que lle ten dito que a iluminación que hai agora lle parece excesiva e que neste tema hai moita diversidade de opinións. Sinala que o que hai que facer é intentar consensuar ambas opinións, pero evitando o despilfarro.

Dona Aurora González explica que había unha farola no parque de San Francisco fronte ao Concello, a cal xa non está dende antes do verán pasado. Opina que se non se volve a poñer estaría ben tapar o furado e sacar o cono que ten e que se se vai poñer, que se faga canto antes para que non se tropee.

Don Farruco Graña, concelleiro de Cultura, intervén e manifesta que esa farola é das que se sacan polas feiras e festas que se fan durante o verán, sendo sinalizada cun cono suxeito para que non se mova e evitar tropezos. Explica que despois das festas se sole poñer, unha vez que remata a tempada das festas, xa en outono.

Don Vicente Castro explica que se vai crear unha base para protexer cando se saque a farola, e que vai quedar unha tapa na que queden ocultos os cables. Que con isto van facer correccións para o futuro.

Don Farruco Graña explica que a tardanza maior ou menor de poñer a farola depende da dispoñibilidade de persoal que teñan.

Dona Aurora González traslada ao Pleno a preocupación de un monton de veciños durante as festas polo plan de evacuación; di que a comisión de festas elaborou un, que está aprobado polo arquitecto, pero como rogo pide que para o ano que ven se publicite na web do concello para que os veciños poidan ter toda a información e evitar preocupacións.

O Sr. Alcalde di que non coñece a existencia desa preocupación. Explica que en Ribadeo non hai sitios máis adecuados para facelas, como son chairas ou carpas. Indica que se fixo todo o posible pola seguridade e que este ano foi al primeira vez que se puxeron sinalizacións de serguiridade; indica que ao mellor se pode mellorar, pero que as que se fixeron foi cumprindo a normativa e adaptándose ao espazo dispoñible.

Dona Aurora aclara que non estaba a criticar a ubicación e a continuación, respecto do tema da baixada dos bloques que comentou no pleno anterior, di que segue igual. Di que non sabe a quen corresponde a competencia de amañalo, pero que sería bon indicarllo.

Dona Maria Paz Ermida contéstalle que nun principio se pensou que non pertencía ao Concello, pero que ao final si lle corresponde e que xa se pasou aviso á brigada de obras. Explica que no periodo estival as cousas non van tan rápido como se quixera, pero que o aviso está pasado. Di que non sabe cal vai ser o custo da obra, polo que vai haber que miralo.

Don Vicente Castro explica o sistema que van a usar e que non va a usar madeira.

Dona Aurora González di que se non se vai executar a obra con celeridade se debería adoptar algunha solución ou medida provisional.

Don Vicente Castro di que se mantén a zona moi limpa para que teña visibilidade a baixada. Explica que está mellor sen baranda para evitar que alguén caia ao apoiarse en falso.

Dona Aurora González di que hai algunhas sinais nas ruas que están brancas, que algunhas son de velocidade viaria ou de stop. Di que sería preciso cambialas.

Explica que tamén faltan espellos de seguridade vial, que so está o soporte.

Respecto da recollida de lixo en verán en puntos de gran afluencia, pide que se faga máis amenudo para que non estean as papeleras e contenedores a rebosar.

Don Jorge Díaz, concelleiro de limpeza e recollida de lixo di que iso xa se fai, pero que debido ao gran volume de xente é mais difícil de controlar.

O Sr. Alcalde di que as cousas son susceptibles de mellora, pero que moitas veces hai xente que non é civica e tira o lixo ao chan. Explica que hai servizo de recollida de enseres vellos, e que moita xente deixa colchóns na rúa cando non é día de recollida, botándoselle a culpa ao concello. Explica que fan o que se pode, que intentarán mellorar, pero que hai circunstancias que dan moita rabia.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión o Sr. Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vinteunha horas e cincuenta minutos estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA

O SECRETARIO XERAL,

Asdo. JOSÉ A. CARRO ASOREY

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE**